

## GRAN MANIFESTACIÓN O VINDEIRO DÍA 3 EN MADRID PORQUE HAI QUE SUBIR OS SALARIOS XA

**Redacción.-** O día 3 de novembro UGT, xunto con CCOO, convocan unha gran manifestación en Madrid co obxectivo de facer fronte á irresponsabilidade de CEOE e que a crise non a volva a pagar a clase traballadora. A negativa da patronal para negociar un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) non ten xustificación e raia a falta de ética moral.

Fomos máis que razoables coa patronal, que se nega a subir os salarios e adoptar as cláusulas de revisión salarial. Estaría xustificado en moitas empresas o aumento do 10% dos salarios, xa que moitas tiveron cuantiosos beneficios. Pero noutras, pódese optar por un aumento salarial do 4,5% ligado ás cláusulas de revisión, de maneira que se poida manter o poder adquisitivo das familias, pero a patronal négase.

E é que os datos nos dan a razón. Hai persoas que ven imposible subir os salarios porque din que lastraría a competitividade das empresas. Pois ben, segundo Eurostat, os custos laborais no noso país son dos máis baixos de Europa, co que as empresas españolas teñen unha enorme vantaxe competitiva.

Desta forma, en España, os custos son 10 euros por hora máis baratos que a media da zona euro, 14 euros menos que Francia e Alemaña...en sete anos, o custo laboral creceu por hora en España 0,1 euro de media anual, un dos aumentos máis baixos da eurozona, onde o crecemento foi catro veces superior, en Alemaña seis veces máis e en Francia tres veces máis. Os voceiros da dereita que só queren consolidar os beneficios empresariais deberían tomar nota desta realidade.

Por todo isto, porque os traballadores e traballadoras deste país non poden ser de novo os pagáns desta crise, #SalarioOConflicto. UGT-Galicia fai un chamamento a delegados e delegadas, así como, afiliados e afiliadas, á participa-

ción na manifestación de Madrid. Todos os que estean interesados en acudir o día 3 a Madrid, poden poñerse en contacto coa unión comarcal de UGT na súa zona ou coa federación que os represente.



**SE QUERES PARTICIPAR NA MANIFESTACIÓN DO 3 DE NOVIEMBRE EN MADRID**

**DIRÍXETE Á TÚA UNIÓN COMARCAL OU Á TÚA FEDERACIÓN**

|                                                                                                                      |                                                                                                  |                                                                            |                                                                 |                                          |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------|
| <b>Coruña-Cee</b><br>981241122/ 301<br><br><b>Ferrol</b><br>981350023<br><br><b>Compostela-Barbanza</b><br>981590941 | <b>Lugo-Lemos-Costa lucense</b><br>982231325<br><br><b>Ourense-Valdeorras-Verín</b><br>988226135 | <b>Pontevedra-Arousa-Deza</b><br>986858451<br><br><b>Vigo</b><br>986443428 | <b>FICA</b><br>981 58 97 43<br><br><b>FeSMC</b><br>981 55 46 36 | <b>Servizos Públicos</b><br>981 57 27 44 |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|------------------------------------------|

**UGT**

## **A REFORMA LABORAL POTENCIA A CALIDADE DO EMPREGO**

**Redacción.-** Os datos da EPA do terceiro trimestre do ano, publicados polo INE, mostran unha cifra total de 135.000 desempregados en Galicia, un 3,3% menos que no trimestre anterior, situando a taxa de paro en 10,8%. Pola súa banda, o número de ocupados increméntase nun 0,8%. Non obstante, en relación ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de desempregados aumenta nun 6,4%.

UGT-Galicia resalta que a estatística continúa confirmando o cambio de tendencia que xa se apuntaba nos trimestres anteriores respecto á calidade do emprego que está a ser creado. Desta maneira, desde a aprobación da nova reforma laboral, é posible observar que o emprego indefinido séguese mantendo como a modalidade por excelencia na contratación, corrixindo a excesiva temporalidade que caracterizaba as relacións laborais no noso país e incentivando a estabilidade no emprego.

A pesar destes bos datos cualitativos, UGT continúa reclamando a mellora dos dereitos das persoas traballadoras, ademais da posta en marcha de todos os medios posibles para reducir aínda máis o número de persoas que se atopan en situación de desemprego, con especial atención a aquelas que o están desde hai máis tempo.

Neste sentido, por unha banda, ademais de incrementar o traballo indefinido, resulta imprescindible mellorar as condicións nas que este se desenvolve, modificando os aspectos que aínda perduran da reforma laboral de 2012, como as causas e a indemnización dos despedimentos. Isto xeraría maior estabilidade na contratación indefinida e maior protección e seguridade ás persoas nos seus postos de traballo.

Igualmente, non haberá emprego de calidade sen salarios suficientes. UGT denuncia que, en 2022, seguen incrementándose moi por baixo da inflación: os de convenio tan só fixérono un 2,6% ata setembro, mentres que o IPC atópase no 8,9%. Unha diferenza que está a supoñer unha grave deterioración da capacidade adquisitiva da clase traballadora, que pode acabar tendo nocivas consecuencias para o conxunto da economía, ao lastrar o consumo, e por suposto, para miles de familias que xa teñen dificultades para chegar a final de mes.

O sindicato reclama a necesidade de seguir reducindo o paro de longa duración, isto é, o número de persoas desempregadas que levan buscando emprego desde fai máis dun ano. Unha cifra que aínda conti-

núa sendo moi elevada, contabilizándose 49.700 persoas que levan no desemprego máis dun ano, o 42,2% do total de persoas desempregadas. Isto, en definitiva, significa que as Políticas Activas de Emprego non están a ser todo o efectivas que poderían ser á hora de axudar ás persoas desempregadas a atopar un traballo.

Neste aspecto, UGT-Galicia considera que a nova Lei de Emprego debería ser capaz de emendar moitas das súas deficiencias, regulando e establecemento un sistema de financiamento adecuado e suficiente para que o persoal técnico dos Servizos Públicos de Emprego poida desempeñar o seu labor con eficacia, provendo os servizos necesarios para que verdadeiramente se identifiquen as necesidades particulares de cada persoa desempregada e ofrecéndolles, en consecuencia, aquelas accións e programas que mellor se adapten ás súas traxectorias profesionais.

### **Radiografía da EPA en Galicia**

Os datos amosan que hai en Galicia 1.300 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 0,1%) e, en relación ó segundo trimestre de 2022, hai unha mellora da ocupación, con 8.600 persoas máis.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha certa remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 53,3%, fronte ó 58,86% do resto do Estado.

Interanualmente, o paro medrou en 8.100 persoas, o que supón o 6,4%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro baixou un 3,3%, en 4.600 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 135.000 persoas desempregadas, no 10,8%. No caso dos homes esta taxa é do 9,8% e do 11,8% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 32,4%.

Por sectores, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 7% (4.500 ocupados máis), no



sector servizos, cun aumento do 0,2% (1.600 ocupados máis), na industria, nun 0,7% (1.200 ocupados máis), e na construción, nun 1,8% (1.300 ocupados máis). En relación ao mesmo trimestre do ano anterior, a ocupación baixa na agricultura e pesca (2,8%), industria (1,3%) e sube na construción (5,9%) e no sector servizos (0,2%).

Hai en Galicia un total de 911.600 asalariados, mellorando con respecto ó trimestre anterior, en 12.100 (1,3%), e ó ano, 9.100 (1%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora. Cae ata o 18,3%, case en dous puntos en relación ao trimestre anterior, cando era do 20,1%. Dáse un aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 3,7%, e unha caída dos temporais, dun 8%. No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 11,6% e baixando a temporal nun 29,1%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do 13,3%, sendo o 49,3% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e máis de 49.700 persoas que levan máis dun ano no desemprego

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 50.800 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. E 24.700 fogares que non perciben ingresos.

Das 135.000 persoas que están no desemprego, 49.700 levan máis dun ano nesta situación.

# CELÉBRASE O XXVI ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABALLADORA ORGANIZADO POR UGT-VIGO

*UGT continúa abanderando as políticas de igualdade entre mulleres e homes*

**Redacción.-** UGT-Vigo organizou este mércores na cidade olívica o XXVI Encontro sindical da muller baixo o lema “Percorrido da muller traballadora”.

O secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes, e a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, Alba Malde, foron os encargados da presentar estas xornadas que foron inauguradas polo alcalde da cidade olívica e a concelleira de Igualdade, Abel Caballero e Uxía Blanco, respectivamente.

No transcurso do acto rendiuse unha sentida homenaxe a Pilar Lavía, delegada de UGT, en conmemoración aos 50 anos da folga de 1972.

De segundido, Ángeles Arias, da Escola de Mulleres Solidarias, falou sobre a “Violencia na adolescencia”.

Pola súa banda, Trinidad Campos, secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, analizou as “Medidas de mellora na promoción profesional”.

A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antuña, subliñou na súa intervención “O papel do sindicalismo nos avances feministas” e, neste senso, apuntou que UGT continúa abanderando as políticas de igualdade entre homes e mulleres.

Na súa intervención fixo unha semblanza histórica que abriu coa figura de Virginia González Polo, a primeira muller dirixente dun sindicato en España e unha das caras visibles do feminismo sindical a comezos do século pasado.

Xa nestes últimos anos, considera que a negociación colectiva impulsou, “de maneira eficiente, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Os AENC, ata o ano 2002, xa introduciron medidas que favoreceron a igualdade de oportunidades e no acordo de 2003 conseguimos que se introducise un capítulo enteiro dedicado á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”.

Unha igualdade que se fixo material e visible no noso país coa aprobación da “Lei de Igualdade, en 2007, que incorporou novos instrumentos de promoción da igualdade no marco da negociación colectiva, como os plans de igualdade, as accións positivas e a obrigatoriedade de incluír medidas de igualdade de oportunidades nos convenios colectivos”.

Pero pasarán doce anos para que as políticas de igualdade reciban un impulso, coa Real Decreto lei 6/2019, de garantía da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación, “que contén as modificacións legais dun gran cambio no ámbito das relacións laborais en materia de igualdade entre mulleres e homes, que se foron concretando en 2020 e 2021, coa equiparación dos permisos por nacemento de fillo ou filla, a obrigação de todas as empresas de contar cun rexistro retributivo ou a rebaixa de ter un Plan de Igualdade ás empresas de máis de 50 persoas traballadoras”.

Ademais, resaltou os dous reais decretos que se aprobaron en 2020, “froito do diálogo social, o de plans de igualdade e o de igualdade retributiva entre mulleres e homes, que continuamos loitando porque as empresas implementen de maneira correcta en todas as empresas españolas para impulsar a igualdade real e efectiva no noso país”.

Para rematar a xornada, delegadas de FeSMC, FICA e UGT Servizos Públicos debateron sobre “O traballo dende a perspectiva de xénero”.



# HOXE UGT CONVOCA CONCENTRACIÓNS FRONTE ÁS PRINCIPAIS ENTIDADES FINANCEIRAS PARA DEMANDAR A REVISIÓN SALARIAL E MELLORAS NAS CONDICIÓNIS LABORAIS

*En Galicia a concentración foi fronte á sede de Abanca na Coruña*

**Redacción.-** Na semana de presentación de beneficios FeSMC-UGT, xunto aos principais sindicatos maioritarios do sector financeiro, denuncian a falta de vontade das patronais AEB e CECA para abordar mecanismos compensatorios da perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras na actual contorna inflacionista.

Para os sindicatos, evidénciase unha total falta de compromiso dos Bancos cos seus traballadores e traballadoras, a pesar de estar a bater récord de beneficios e de retribucións das cúpulas directivas. Por iso, UGT, CCOO e FINE comezaron unha primeira fase de mobilizacións na semana na que as en-

tidades presentan os seus resultados do terceiro trimestre, con concentracións que se están a desenvolver hoxe. Concretamente, en Galicia na Coruña, na Rúa Nueva, fronte a Abanca.

Nas reunións dos Observatorios sectoriais de Aforro e Banca celebradas os pasados días 20 e 21, as patronais CECA e AEB pediron máis tempo para a “reflexión” e para que poidan “despexarse incertezas” nas que se escusan, pero os sindicatos decidiron que xa é o momento de garantir a revisión salarial,



sobre todo, nun sector con grandes beneficios.

## PARA UGT, ATALLAR A SINIESTRALIDADE LABORAL E AS ENFERMIDADES PROFESIONAIS É UNHA PRIORIDADE

**Redacción.-** A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, participou na xornada “Enfermedades profesionales na negociación colectiva”, unha xornada de formación en prevención de riscos laborais para negociadores de convenios.

Na súa intervención, Ana García de la Torre subliñou que, segundo datos da OIT, cada ano 2,34 millóns de persoas morren por accidentes ou enfermidades relacionadas co traballo, e, de todas elas, ao redor de 2,02 millóns falecen debido ás moitas enfermidades profesionais que existen.

“Para o sindicato”, explicou, “atallar a sinistralidade laboral e as enfermidades profesionais, un grave problema que arrastramos desde hai anos e que lonxe de mellorar os datos empeoran cada ano é unha prioridade absoluta que é importante abordar de forma decidida e urgente”.

García de la Torre destacou que, ademais, “millóns de traballadores e traballadoras en toda Europa padecen trastornos musculoesqueléticos relacionados co traballo, é dicir, que, aproximadamente, tres de cada cinco persoas traballadoras da UE din sufrir estes trastornos, polo que, é evidente que algo está a fallar nos sistemas de prevención”.

“Para UGT, é fundamental tomar me-



didias dirixidas a reducir estes datos, medidas como a creación dunha figura similar ao delegado/a de Prevención Territorial de Prevención de Riscos Laborais pero a nivel estatal e abrir de inmediato unha mesa de Diálogo Social que desenvolva un auténtico Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral na que se teñan en conta todos os tipos de accidentes de traballo e todas as causas dos accidentes de traballo con resultado mortal”, afirmou.

### Necesitamos un auténtico Plan de Choque contra a Sinistralidade

“Nese plan de choque se deben incluír iniciativas para reducir a incidencia dos trastornos musculoesqueléticos –primeira causa de baixa por accidente de traballo– así como medidas relacionadas coas enfermidades profesionais como establecer unha periodicidade na actualización da listaxe e unha mellora na notificación e rexistro que permitan facer aflorar todas as enfermidades profesionais ocultas, así

como reformar o cadro de Enfermidades Profesionais, claramente masculinizado ou incluír neste cadro patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais ou a COVID-19”

A Secretaria de Saúde Laboral de UGT incidiu tamén en que “a futura estratexia española debería promover a prevención do cancro de orixe profesional, con especial atención ao amianto, ao po respirable de sílice cristalina e o po de madeira como axentes causantes de enfermidade, así como o radón e establecer un sistema nacional de vixilancia específica para os traballadores expostos a estes axentes e un rexistro de empresas con risco de exposición a axentes canceríxenos”.

“Ademais, é esencial unha actualización da normativa en Prevención de Riscos Laborais que inclúa melloras da xestión de riscos psicosociais e ergonómicos, así como a mellora das condicións de traballo para evitar as enfermidades profesionais”, engadiu.